

Presentación

A relevancia da cultura para a construción dunha idea de Galicia foi no pasado e segue a ser no presente unha ferramenta esencial. De feito, a propia existencia do Consello da Cultura Galega ten os seus alicerces nese recoñecemento, por parte dos redactores do Estatuto de autonomía de Galicia de 1980, da necesidade de «preservar os valores culturais do pobo galego». Este mandato fundacional nunca foi desatendido pola institución desde os seus primeiros pasos en 1983. Pero alén de desenvolver cumpridamente esta obriga, o Consello debe promover debates e reflexións sobre o propio concepto de cultura e a súa adaptación aos tempos que corren. Porque resulta claro que a idea de cultura non pode entenderse dunha forma estática e atemporal, senón en diálogo constante coas tendencias profundas que marcan os rumbos da sociedade actual. A cultura é un inmenso contedor de linguaxes e valores, símbolos e códigos no que as nosas vidas atopan sentido e significado, pero as paredes dese contedor son porosas e ao seu través flúe auga en delambas as direccións, acollendo préstamos externos e proxectando cara a fóra valores propios.

Esta concepción aberta e dinámica da cultura foi o punto de partida para desenvolver esta iniciativa que, desde 2006, forma parte da actividade periódica de debate e difusión cultural que se practica no seo do Consello da Cultura Galega. O seu responsable e orientador foi quen agora figura tamén como compilador deste volume, o profesor Ramón Máiz, membro do Plenario da institución e coordinador da Sección de Filosofía e Pensamento, en quen debo personalizar a miña gratitude polo traballo feito e pola aposta intelectual que deitou neste empeño. O título e formato da actividade, *O(s) sentido(s) da(s) cultura(s)*, reflicte de forma ben acaída esta idea de pluralidade, que tamén foi artellada durante as sesións realizadas durante estes cinco anos, nos que tivo lugar un

fecundo debate entre os nosos convidados e un selecto elenco de asistentes que participaron neste ciclo, lendo previamente os textos remitidos por cada un dos conferenciantes e logo animando un longo debate con intervencións que, se ben ficaron gravadas, infelizmente non puideron ser incorporadas a esta publicación pola evidente razón de que se volvería pouco manexable.

Os textos que o lector vai atopar neste volume constitúen, no meu ver, unha contribución moi sólida e orixinal ao debate actual sobre o papel da cultura nas sociedades democráticas occidentais, pois son moi plurais as achegas recollidas e moi diversas as olladas con que se analizan os problemas. A influencia dos medios de comunicación, como a Internet e a chamada «societas digitalis», as relacións da cultura coa arte, coa filosofía e coa ciencia, o peso da cultura na configuración das comunidades nacionais e, nomeadamente, os problemas que hoxe se formulan arredor da construción da cidadanía, da revisión dos valores da democracia e da aparición de novos movementos sociais foron obxecto de análises elaboradas por expertos e académicos procedentes de prestixiosas universidades e centros de investigación de Europa e de América. Para o Consello da Cultura Galega foi unha excelente oportunidade que este selecto panel de conferenciantes participase no ciclo *O(s) sentido(s) da(s) cultura(s)* porque permitiu confrontar posicións, fomentar o diálogo intercultural e, de paso, fortalecer a vocación da institución como un laboratorio de ideas e un lugar para o debate.

Este libro reúne textos elaborados e debatidos en sesións periódicas que se desenvolveron nos locais do Consello durante máis de catro anos. A súa edición en formato de libro vai permitir dispor de valiosos materiais para pensar e planear a cultura galega, e as políticas públicas que a desenvolvan, con perspectiva comparada e con apoio en experiencias moi diversas. Foi o que se tamén pretendeu facer cos *Foros de debate* lanzados no ano 2008 con motivo das vodas de prata do Consello –dos que aquí se recolle boa parte dos relatorios do foro «Cultura e política: debates contemporáneos»– e que logo continuou coa *Reflexión estratéxica sobre a cultura galega*, elaborada durante o ano 2010 e editada no ano 2011. Coa publicación deste libro damos cabo a este proceso de reflexión sobre os grandes problemas da cultura no pensamento actual. Isto non quere dicir que

estas iniciativas se deteñan ou sexan canceladas. Pola contra, novas xeiras están a comezar e confío en que, dentro duns poucos anos, outro fardel de textos e debates como os aquí recollidos poidan de novo saír a lume e contribuír ao pensar e construír a cultura galega en diálogo coas grandes correntes do pensamento actual.

Ramón Villares

Presidente do Consello da Cultura Galega